




## ETNOGRAFÍA

O escritor Xosé Lois Ripalda fai un repaso polas fontes de Santiago e Pontevedra, en perigo de desaparecer **Páx. 4**

## ENTREVISTA

Chus Lago desvela os segredos do alpinismo e fálanos de Groenlandia, destino da súa próxima expedición **Páxs. 10 e 11**



Unha república  
entre Galicia e Portugal

# O COUTO MIXTO

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE



Teatro Principal



CENTRO CULTURAL  
DEPUTACIÓN OURENSE



PAZO DE VILASARIÁN



ROSAS DE ARDEN  
ASOCIACIÓN OURENSE



ESCOLA PROVINCIAL  
DE DANZA



XORNADAS  
FOLCLÓRICAS



ORXADOIRO  
DE INSTRUMENTOS




ESCOLA DE  
ARTES E OFICIOS



BIBLIOTECA

## Reportaxe

## O COUTO MIXTO



A IGREXA E A PRAZA de Santiago dos Mixtos case permiten percibir a longa historia que agocha esta terra

# A lembranza dunha terra de ninguén

O Couto Mixto foi un territorio cáseque independente situado entre as os limiares de Galicia e Portugal nas aldeas de Santiago, Rubiás e Meaus. Esta 'república' pertence hoxe a Ourense, pero existía ata 1864 e gozaba de privilexios como o de elixir democraticamente os seus líderes

Textos: A. Losada  
Fotos: A. Barroso

O patrimonio cultural de Galicia agocha sorpresas descoñecidas para a maioría dos habitantes do país. Hai lendas, costumes e tradicións que fican esquecidas nos vellos arcos da Historia, onde mesmo os feitos poden quedar atrapados.

Por eso é difícil lembrar que houbo unha época na que as fronteiras entre España e Portugal eran dúbidas e na que existiu no medio destes dous reinos unha terra que non pertencía a ninguén: O Couto Mixto, situado hoxe na provincia de Ourense.

Este Couto era un lugar ó que a

casa de Bragança, a que pertencían os reis de Portugal, lle deu un status especial de independencia e unha serie de privilexios comerciais. Ás súas orixes non están claras, pero sábese que existía seguro en 1518, ano en que as fortes loitas entre as xentes de Barroso (Portugal) e Radín (España) levou os habitantes do Couto a pedirlle apoio ó Conde de Lemos e Monterrei, ó que quedaron vencellados ata a desaparición deste territorio.

Luis García Mañá, xefe superior Policía Nacional en Galicia e tamén un dos maiores expertos sobre o Couto Mixto, sinala que as aldeas principais que formaban este territorio, Santiago, Rubiás e Meaus, aínda existen hoxe, pero están "plenamente integradas na provincia de

Ourense". Santiago era a capital administrativa do Couto e, xunto a Rubiás, pertence o concello de Calvos de Randín. Meaus, onde estaba o centro de comercio, é parte do concello de Baltar.

Non obstante, o Couto aínda existía como tal en 1864, o que se di antonte en termos históricos. Nese ano, Porgugal e España firmaron o Tratado de Lisboa, no que determinaban os límites exactos entre os dous países. De mutuo acordo, decidiuse que Santiago dos Mixtos, Rubiás e Meaus pasasen a formar parte de España, a cambio de que as vilas de Souteliño, Cambedo e Lamadarcos, ata entón hispanas, lle foran entregadas ó país luso.

Según García Mañá, "estaba a cousa dúbida, discutíase se eran,

de aquí, de alá ou de acolá, ou se non eran de ninguén, pero ó final a comisión de límites decidiu que estes pobos quedaran en España. Nese ano "quitáronllo todo, a cambio de nada", xa que lle "arrebataron todos os seus privilexios e nin siquera lles deron a opción de escoller a que país fan pertencer".

O Couto Mixto pagaba impostos en España e Portugal, pero a cambio obtiña unha serie de privilexios que lle permitían subsistir como unha caste de reino independente. Tiñan unha nacionalidade propia, a cidadanía do Couto, e os axentes policiais e militares de España e Portugal non tiñan permiso para entrar nel. Os habitantes da zona non estaban suxeitos ós impostos do rexistro da propiedade, tiñan dereito a levar

armas e podían comerciar con calquera das vilas veciñas sen pagar dereitos nin aranceis. Ademais, posuían un 'camiño privilexiado', no que se aplicaban todos os beneficios da cidadanía do Couto, incluíndo o libre comercio, e no que ninguén podía ser prendido polas autoridades españolas ou portuguesas.

Unha última peculiaridade era que tiñan un gobernante propio o Xuiz do Couto, que era escollido unha vez cada tres anos polos cabezas de familia das tres aldeas principais, algo excepcional naquelas épocas. Para García Mañá esta era "unha fórmula perfecta de democracia, unha república dos soños que ficou esquecida no tempo".

Os documentos que certificaban a independencia do Couto gardábanse nunha caixa de madeira, a Arca das Tres Chaves, e para abrila, o costume obrigada a reunir quince homes, cinco por cada vila e entre eles o Xuiz do Couto. Por desgraza, as tropas napoleónicas saquearon a igrexa de Santiago, onde se gardaba a arca, durante a súa fuxida da Península en 1809 e destruíron todos os documentos.

## Unha operación de rescate do fondo da Historia

Tras a súa desaparición, o Couto Mixto permaneceu na memoria das xentes durante moito tempo, pero rematou por difuminarse e confundirse cunha lenda popular. Cesáreo González, presidente da Asociación de Veciños do Couto Mixto e oriúndo da vila de Santiago, sinala que, antes dos anos 90 "a xente non tiña conciencia de que pertencían a un lugar particular", principalmente porque "durante a ditadura de Franco había medo a falar do tema, polas represalias".

A existencia do Couto estaba documentada nalgúns escritos de Vicente Risco, ou na *Enciclopedia Libre Universal en Español* de Pascual Madoz, publicada en 1806. Non obstante, falaban del como unha simple curiosidade territorial, sen describir a súa estrutura en profundidade, o que contribuíu a difuminar a súa lembranza.

Foi Luis García Mañá quen "re-describiu" a existencia do Couto Mixto, aínda que non lle guste atribuírse o mérito. Explica que "tiña curiosidade" por saber se aqueles "Mixtos" dos que falaba a súa nai, que naceu nunha vila próxima, existiran realmente e "por documentos do Ministerio de Asuntos Exteriores e outros arquivos históricos, veño atopando que era unha realidade, e non a pura ficción da tradición oral".

Durante a súa investigación, asegura que tivo "un certo namoramento, de tipo intelectual" con este territorio e, en 1998, contribuíu a crear a Asociación de Amigos do Couto Mixto, que serve para recuperar a memoria e "para reencontrarnos e facer país". Nese mesmo ano resucitou a tradición da Arca das Tres Chaves.

Cesáreo González lembra que cando se empezou a falar de novo

## Reportaxe

da historia do Couto Mixto, algúns veciños andaban preocupados "por se fan vir os portugueses meterse aquí", pero agora "todo o mundo ten un alto grao de conciencia". E non é para menos, xa que a 'resurrección' do Couto Mixto volveu situar estas tres vilas no mapa cultural e turístico de Galicia.

Tamén Luis García Mañá sinala que as xentes de Santiago, Rubiás e Meaus "saben, e agora moito máis, que pertencían a unha terra como de ninguén, onde tan pronto eran de aquí como de acolá, ou mesmo dos dous lados".

### A 'resurrección' do Couto, actividades e promoción

Tras a creación da Asociación de Amigos do Couto Mixto, presidida hoxe por García Mañá, o territorio tivo un forte renacer que se plasmou nunha serie de actividades culturais. Todos os anos, en xuño, a vila de Santiago celebra o ritual de apertura da Arca das Tres Chaves (onde os seus custodios, os homes do acordo, levan traxes donados por Adolfo Domínguez e deseñados dun xeito fiel á historia) e escolle tres Xuíces Honorarios, con bastón e toga pero sen mando. O escritor Carlos Casares ou o antigo fiscal xefe do TSXG, Carlos Varela, foron galardoados con este premio.

Ademais, creouse o Museo Aberto do Couto Mixto, que non é outra cousa que as tres vilas de Santiago, Rubiás e Meaus, ben restauradas e con ménsulas conmemorativas situadas nos lugares de interese, como a residencia do Xuíz, a igrexa de


## DENDE FINAIS DOS 90, ESTE TERRITORIO VIVIU UNHA FORTE 'RESURRECCIÓN' NO PLANO CULTURAL

Santiago ou o camiño privilexiado, que foi recuperado en parte.

En 2003 créase Asociación de Veciños do Couto Mixto, para contribuir a desenvolver a unidade da zona e para ocuparse dos asuntos que quedaban fóra das competencias dos Amigos, como as cuestións administrativas.

Cesáreo González, presidente dos veciños, asegura que "imos facendo todo o que podemos, dentro dos nosos medios". Ten pendentes unhas cantas conversas coas autoridades autonómicas, pois sinala que "económica e politicamente non se nos fai moito caso". A súa meta inmediata e reunir fondos para poder restaurar os frescos da igrexa de Santiago dos Mixtos, que permanecen escuras.

Grazas ó esforzo dun grupo de intelectuais e veciños da zona, o Couto Mixto recuperou a súa identidade de entre as néboas da Historia. O carácter de unión e independencia desta "terra de ninguén" que describe García Mañá queda ben patente na coraxe e na personalidade dos que a habitan hoxe en día.




### A CAPITAL

A vila de Santiago, a máis grande das tres, foi o centro administrativo do Couto Mixto

### NA AUGA

O regato de Rubiás produce unha fermosa estampa ó sucar o centro da vila do mesmo nome



### A XUSTIZA

A casa do xuíz do Couto, situada en Meaus, o antigo centro comercial do Couto Mixto.




ando o home non dominaba á natureza e se afrontaba a ela de igual a igual ou mesmo en desvantaxe, os viaxeiros que se adentraban na montaña, tamén os que transitaban o Camiño privilexiado, precisaban da tutela das forzas periores. Por iso atopo o camilante algún xacino que o reconforta lembrando que Deus o acompaña. Tamén un peto de ánimas o achega ó mundo de ultratumba, sabendo que se contribúe á livación das ánimas coa súa oración e, como in, cunhas moedas, iso lle será recompensado. En regras que sabían os dos Mixtos como sabían mên as xentes das terras veciñas, coas que impartían estas ensinanzas.

### LEMBRANZA

O couto está salpicado de ménsulas coma esta, situada no vello camiño privilexiado que unía as tres vilas



ménsula.



### TRES CHAVES

Nesta arca de madeira gardábanse os documentos que garantían a independencia do Couto, ata que os soldados de Napoleón os queimaron en 1809.